




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Ortigueira. Concello: Cariño. Parroquia: Santa María da Pedra.
Extensión: 0,39 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Pequeno anfiteatro de suaves pendentes pechado por dúas puntas con acantilados de potente parede e teito aplanado ou en lixeira pendente. Estes son bastante activos e tanto a enseada como o extremo sur da unidade presentan areais propios de zonas protexidas dende o punto de vista hidrodinámico. Inclúe o EIX Marismas da Ría de Ortigueira.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade completamente composta por gneises do Precámbrico-Cámbrico pertencentes ao Complexo de Cabo Ortegal, dominando un gneis de dúas micas recoñecido como Gneis de Cariño. Nos materiais sedimentarios destacan os de praia dos Cabalos e Fornos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira de ambiente climático Cálido e Seco definido por temperaturas medias anuais superiores a 14°C e precipitacións acumuladas de entre 800 mm e 1000 mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C.

OS SOLOS

Arenosoles álbicos nos materiais sedimentarios dos Cabalos e Fornos e dominio dos solos tipo umbrisol dístico no resto da unidade.


AS AUGAS

Vertente costeira que desauga na súa parte exterior (praia de Forno) na masa de Augas Costeiras 20090, mentres que ao sur da Punta do Frade o fai na masa de Augas de Transición da Ría de Ortigueira (20475). A rede fluvial é pouco significativa.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Fronte acantilada continua, dominando o hábitat 1230, acantilados das costas atlánticas. Os depósitos ao pé dos activos acantilados e as plataformas rochosas suman o hábitat 1210, Vexetación anual sobre desfeitos mariños acumulados. Algúns tramos de vertente sobre os acantilados, presentan o hábitat "Breixeiros secas atlánticas costeiras con Erica vagans" (4040). Os campos de cultivo da área coñecida como Pena dos Gaiteiros contan con varias masas de frondosas de recolonización.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O escenario do conxunto da unidade está presidido pola ampla fronte litoral na que aparecen, enmarcadas entre salientes acantilados, as Praias de Fornos e A Postiña. O pequeno val de formas suaves que se abre cara ao interior está ocupado por un parcelario que debuxa un mosaico agrícola de pasteiros e policultivos que foi cedendo progresivamente espazo ao bosque de repoboación. Este tapiza as ladeiras e zonas de solos menos aptos para a produción agrícola. Os outros usos presentes na unidade ocupan unha reducida extensión e corresponden ao uso residencial disperso asociado ás vías de comunicación e ás pequenas explotacións agrarias citadas.

MORFOLOXÍA

Trátase dun ámbito no que existe unha baixa densidade residencial cuxa orixe é recente, puntual e illada.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Un único acceso rodado é a estrada AC-6116, que permite a conexión coa Praia de Fornos, ademais de numerosos camiños de servizo entre o parcelario agrícola e forestal.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Como parte do patrimonio arqueolóxico da unidade atópase recoñecido o Castro de Frade, de localización costeira, situada na punta do mesmo nome, ocupando o promontorio sur da unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A presente unidade eríxese nun nítido escenario costeiro, unha sorte de gran miradoiro natural, que a xeito de suave anfiteatro se asoma ao mar e ao interior da Ría de Ortigueira a través dos seus areais, Dos Fornos ao leste e A Postiña ao sur, onde aínda se mantén a explotación marisqueira. Os usos agrarios tradicionais acomodáronse ás zonas de topografía plana e compoñen unha imaxe homoxénea cunha rica paleta cromática á que se engade o uso forestal das zonas de maior pendente. Apenas existen inxerencias de edificacións no interior da unidade co que ve o carácter agrario baseado na persistencia do modelo tradicional.

DINÁMICA DA PAISAXE

A dinámica está determinada polos elementos naturais. Os acantilados coroados con manchas de breixeira atlántica e espléndidos areais acaparan o protagonismo da unidade. A compoñente cultural estivo vinculada ao policultivo propio dun parcelario fragmentado. Nas últimas décadas, a explotación de bosque de repoboación tapizou de especies de rápido crecemento boa parte das ladeiras que enmarcan a unidade cara ao seu interior.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Os valores ambientais e paisaxísticos dominan unha unidade homoxénea na que a presenza humana deixou a súa pegada tan só no parcelario de cultivo, pois non existen apenas usos residenciais a excepción dos asociados á actividade agraria. Trátase, polo tanto, dun territorio onde predominan os valores ambientais que foron identificados e protexidos polas distintas figuras de protección que afectan a Ría de Ortigueira e Ladrado: Humidal Protexido polo convenio internacional RAMSAR, LIC e ZEPA segundo a Directiva Hábitat, Humidal Protexido e ZEPVN segundo a Lei galega de espazos protexidos. A Punta do Frade, ao sueste, constitúese como un excelente punto para a comprensión das características de todo o esteiro debido á súa situación avanzada sobre a Ría de Ortigueira e grazas á existencia dun pequeno promontorio sobre o que ademais se documentou a existencia do Castro de Frade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



